



DATOS IDENTIFICATIVOS

Proxectos de arte de acción

Materia	Proxectos de arte de acción			
Código	P01G010V01903			
Titulación	Grao en Belas Artes			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Pintura			
Coordinador/a	Tejo Veloso, Carlos			
Profesorado	Tejo Veloso, Carlos			
Correo-e	carlos.tejo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Análise e práctica dun proceso artístico que, na maioría dos casos, non produce unha obra final-obxectual e que lle dá prioridade ao emprego da presenza, o tempo e o contexto como ferramentas fundamentais de traballo.			

Competencias

Código	
B2	Capacidade de comunicación. Capacidade para expoñer oralmente e por escrito con claridade problemas complexos e proxectos dentro do seu campo de estudo
B3	Coñecemento básico da metodoloxía de investigación das fontes, a análise, a interpretación e síntese
B5	Capacidade de traballar autonomamente.
B11	Habilidades interpersoais, conciencia das capacidades e dos recursos propios
C1	Comprensión crítica da historia, teoría e discurso actual da arte. Comprender de xeito crítico a historia, teoría e discurso actual da arte. Asimilación analítica dos conceptos nos que se sustenta a arte
C4	Comprensión crítica da dimensión preformativa e de incidencia social da arte. Analizar a repercusión recíproca entre a arte e a sociedade
C6	Coñecemento do vocabulario, códigos, e dos conceptos inherentes ao ámbito artístico. Coñecer a linguaxe da arte
C7	Coñecemento do vocabulario e dos conceptos inherentes a cada técnica artística particular. Coñecer a linguaxe creativa específica
C9	Coñecemento de métodos de produción e técnicas artísticas. Analizar os procesos de creación artística
C14	Coñecemento dos instrumentos e métodos de experimentación en arte. Aprendizaxe das metodoloxías creativas asociadas a cada linguaxe artística
C16	Coñecemento das características dos espazos e medios de exposición, almacenaxe e transporte das obras de arte
C19	Capacidade para identificar e entender os problemas da arte. Establecer os aspectos da arte que xeran procesos de creación.
C23	Capacidade de comunicación. Aprender a traducir as ideas artísticas para poder transmitilas
C25	Capacidade de (auto)reflexión analítica e (auto)crítica no traballo artístico.
C28	Capacidade de traballar en equipo. Capacidade de organizar, desenvolver e resolver o traballo mediante a aplicación de estratexias de interacción
C29	Capacidade de iniciativa propia e de automotivación
C31	Capacidade para xerar e xestionar a produción artística. Saber establecer a planificación necesaria nos procesos de creación artística.
C32	Capacidade de aplicar profesionalmente tecnoloxías específicas. Utilizar as ferramentas apropiadas para as linguaxes artísticas propias
C33	Capacidade de colaboración con outras disciplinas. Desenvolvemento de vías de relación e intercambio con outros campos de coñecemento
C34	Capacidade de colaboración con outras profesións e especialmente cos profesionais doutros campos. Identificar os profesionais adecuados para desenvolver adecuadamente o traballo artístico
C35	Capacidade para activar un contexto cultural e/ou modificar un contexto público ou privado. Saber entender o contexto cultural para xerar iniciativas e dinamizar o entorno

C36	Capacidade de documentar a produción artística. Utilizar as ferramentas e recursos necesarios para contextualizar e explicar a propia obra artística
C39	Capacidade de determinar o sistema de presentación adecuado para as calidades artísticas específicas dunha obra de arte. Adquirir criterios para a adecuada apreciación da obra de arte en relación co seu entorno e exhibición
C42	Habilidades para a creación artística e capacidade de construír obras de arte. Adquirir as destrezas propias da práctica artística
C43	Habilidade para establecer sistemas de produción. Desenvolver estratexias aplicadas ao exercicio sistemático da práctica artística
C45	Habilidade para comunicar e difundir proxectos artísticos
C47	Habilidade para realizar e integrar proxectos artísticos en contextos máis amplos. Desenvolver estratexias de proxección da creación artística para alén do seu campo de actuación
C48	Habilidade para unha presentación adecuada dos proxectos artísticos. Saber comunicar os proxectos artísticos en contextos diversificados
C49	Habilidades interpersoais, conciencia das capacidades e dos recursos propios para o desenvolvemento do traballo artístico

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
O estudiantado coñecerá a evolución histórica da arte de acción.		C1
As/os estudantes coñecerán os conceptos fundamentais das artes de acción.		C6 C7
As/os estudantes coñecerán os recursos fundamentais da arte de acción.		C7 C14
As/os estudantes asimiliran o corpo como medio artístico.		C7 C9
O estudiantado coñecerá os medios auxiliares da arte de acción.		C14 C16
As/os estudantes terán capacidade de desenvolvemento da acción como arte.		C19 C29 C31 C32
As/os estudantes terán capacidade de interrelación corpo-espazo-espectador.		C4 C19 C23 C31
As/os estudantes poderán integrar medios auxiliares nos seus proxectos de arte de acción.		C28 C33 C34
As/os estudantes terán habilidade no uso dos recursos propios da arte de acción.	B5 B11	C25 C49
As/os estudantes poderán integrar o corpo e o espazo como ferramentas da arte de acción.		C42 C43
O estudiantado poderá incorporar ao espectador como participante no evento artístico.		C35 C47 C48
As/os estudantes terán habilidade para documentar obras de arte de acción.	B2 B3	C36 C39 C45 C48

Contidos

Tema	
Análise e estudo da evolución histórica das artes de acción.	As veladas futuristas. As accións dadaístas. Comportamentos surrealistas. O teatro sen teatro. Happening. Performance. Fluxus. Body art. Do obxectual ao conceptual. Arte de acción e contemporaneidade.

Coñecemento dos recursos fundamentais da arte de acción: o corpo, o tempo e o espazo.	<p>O CORPO: aproximación á presenza do corpo entendida como soporte da práctica artística contemporánea. O corpo como instrumento comunicativo na arte de acción. O corpo como axente, o corpo como personaxe e o corpo como materia. A importancia do corpo noutros procesos artísticos de carácter performativo. O TEMPO: a consciencia do tempo subxectivo. Relación tempo-espazo. O tempo como elemento construtivo da acción: casos de estudo fundamentais. Tempo real e tempo virtual nas artes de acción. O ESPAZO: o contexto espacial como axente activo de significado. Sentir e crear o espazo. Os espazos heteroxéneos da arte de acción.</p>
Relación da arte de acción con outro tipo de prácticas artísticas.	<p>A arte de acción e o multidisciplinar. Os procesos performativos fóra da conxunción corpo, tempo e espazo. Intervencións. O teatro: desvíos e límites coa arte de acción.</p>
Periferias da acción.	<p>A pesar de que a arte de acción é unha práctica que normalmente non se produce e presenta mediante as institucións oficiais da arte (galería, museo, organismo institucional/gobernamental) ten unha presenza cada vez máis importante no panorama oficial das artes visuais dentro do que poderíamos denominar o primeiro mundo.</p> <p>Neste bloque temático analizaremos e observaremos o comportamento daquelas prácticas performativas que teñen lugar fóra deste panorama primeiromundista. A través deste estudo tentaremos localizar as diferenzas, particularidades ou semellanzas que existen entre a arte de acción dos centros e a arte de acción que se produce no que, dun xeito xeral, se pode denominar periferia artística. Para abordar esta análise deberemos entender o concepto «periferia» nun sentido amplo que transcende o puro límite xeográfico.</p>
Aquí e agora: unha posible clasificación da arte de acción en España.	<p>Análise e estudo das principais liñas de traballo dos artistas que están practicando a arte de acción no Estado español.</p>

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos de aula	25	8	33
Obradoiro	3	6	9
Saídas de estudo/prácticas de campo	3	6	9
Debate	3	12	15
Lección maxistral	10	12	22
Traballos e proxectos	3	38	41
Cartafol/dossier	1	10	11
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	8	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos de aula	Os alumnos traballan de xeito individual na aula baixo o seguimento continuo por parte do profesor. Durante o curso, o profesor fará unha orientación crítica do traballo do alumno, respectando os intereses fundamentais do proxecto creativo do alumno. Alén destas tarefas, no traballo de aula tamén se proporán outro tipo de actividades como visualización e comentario crítico de vídeos, comentarios abertos sobre a evolución dos proxectos dos alumnos, etc.
Obradoiro	Seminarios ou obradoiros de duración curta a cargo dun profesional de prestixio dentro da área de coñecemento. Estes seminarios poden incluír conferencias, así como outro tipo de metodoloxías de índole máis práctica.
Saídas de estudo/prácticas de campo	Durante o curso realizarase unha visita, xunto ao profesor, a un centro de arte, comunidade de artistas, agrupacións, estudo de artista, etc. Como regra xeral, visitaranse exposicións, eventos e artistas cuxa traxectoria teña que ver con algún dos temas propostos nos contidos desta guía docente.
Debate	Durante o transcurso do curso, proporanse diferentes debates arredor da arte de acción. Os debates poderán partir do visionado de vídeos, artigos de revistas especializadas ou fragmentos dalgún dos libros recomendados na bibliografía.

Lección maxistral	Clase maxistral con apoio multimedia. Desenvolvemento dos contidos propostos nos bloques temáticos que definen a materia. Observación directa de traballos realizados polo alumnado doutras universidades. Análise de vídeos que documentan proxectos de arte de acción e que se relacionan cos contidos xerais da materia.
-------------------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	Titorías, seguimento e correccións dos exercicios desenvolvidos na el aula. Titorías, seguimento e correccións dos traballos teóricos que se soliciten.
Probas	Descrición
Traballos e proxectos	Titorías, seguimento e correccións dos exercicios desenvolvidos na el aula. Titorías, seguimento e correccións dos traballos teóricos que se soliciten.
Cartafol/dossier	Titorías, seguimento e correccións dos dossiers e dos traballos teóricos que se soliciten.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballos de aula	A avaliación vai ser continua, polo que a asistencia a clase é un requisito imprescindible para aprobar esta parte da avaliación. Xunto coa asistencia, valorarase positivamente: A presenza activa do alumno na clase. A correcta progresión dos proxectos que se vaian desenvolvendo na aula. A calidade, orixinalidade e creatividade dos proxectos artísticos desenvolvidos na aula. O desenvolvemento teórico, a metodoloxía e a coherencia do traballo realizado ao longo do curso. A capacidade investigadora do alumno A capacidade de experimentación do alumno O traballo previo de reflexión e investigación teórica de cada proxecto realizado dentro da aula A ampliación dos coñecementos impartidos na clase.	35	C4 C7 C9 C14 C16 C19 C23 C25 C29 C31 C32 C35 C47 C48 C49
	RESULTADOS DE APRENDIZAXE As/os estudantes asimilarán o corpo como medio artístico. O estudantado coñecerá os medios auxiliares da arte de acción. As/os estudantes terán capacidade de desenvolvemento da acción como arte. As/os estudantes terán capacidade de interrelación corpo-espazo-espectador. As/os estudantes terán habilidade no uso dos recursos propios da arte de acción. O estudantado poderá incorporar ao espectador como participante no evento artístico.		
Obradoiro	Demostración, mediante a entrega dun comentario teórico, da correcta asimilación dos contidos esenciais do obradoiro, conferencia, etc.	5	C1 C6 C7 C14
	RESULTADOS DE APRENDIZAXE As/os estudantes coñecerán os conceptos fundamentais das artes de acción. O estudantado coñecerá a evolución histórica da arte de acción. As/os estudantes coñecerán os recursos fundamentais da arte de acción.		
Saídas de estudo/prácticas de campo	Demostración, mediante a entrega dun traballo teórico, da correcta asimilación dos contidos principais da exposición/evento visitado.	5	C1 C6 C7 C14
	RESULTADOS DE APRENDIZAXE As/os estudantes coñecerán os recursos fundamentais da arte de acción. As/os estudantes coñecerán os conceptos fundamentais das artes de acción. O estudantado coñecerá a evolución histórica da arte de acción.		

Lección maxistral	<p>A asistencia ás sesións maxistrals será imprescindible para aprobar esta parte da avaliación.</p> <p>Alén desta asistencia, o alumno terá que demostrar a correcta asimilación dos conceptos básicos que conforman os diferentes bloques temáticos da materia.</p> <p>A participación do alumnado nestas sesións debe ser activa, aportando ideas ou coñecementos que poidan dar lugar a unha discusión colectiva de interese.</p> <p>RESULTADOS DE APRENDIZAXE</p> <p>O estudiantado coñecerá a evolución histórica da arte de acción.</p> <p>As/os estudantes coñecerán os conceptos fundamentais das artes de acción.</p> <p>As/os estudantes coñecerán os recursos fundamentais da arte de acción.</p>	10	C1 C6 C7 C14
Traballos e proxectos	<p>Alén do traballo diario na clase, durante o transcurso da materia desenvolveranse, polo menos, tres proxectos de arte de acción que serán presentados na clase.</p> <p>Nestes traballos valorarase:</p> <p>A calidade, orixinalidade e creatividade dos proxectos.</p> <p>O desenvolvemento teórico, a metodoloxía e a coherencia do traballo.</p> <p>A capacidade investigadora do alumno</p> <p>A capacidade de experimentación do alumno</p> <p>O traballo previo de reflexión e investigación teórica de cada proxecto.</p> <p>A ampliación dos coñecementos impartidos na clase.</p> <p>RESULTADOS DE APRENDIZAXE</p> <p>As/os estudantes asimilarán o corpo como medio artístico.</p> <p>O estudiantado coñecerá os medios auxiliares da arte de acción.</p> <p>As/os estudantes terán capacidade de desenvolvemento da acción como arte.</p> <p>As/os estudantes terán habilidade no uso dos recursos propios da arte de acción.</p>	25	C7 C9 C14 C16 C19 C25 C29 C31 C32 C49
Cartafol/dossier	<p>O dossier é o soporte teórico de cada un dos proxectos de arte de acción que periodicamente vanse presentar na aula.</p> <p>O dossier debe estar centrado nunha análise rigorosa dos contidos fundamentais do proxecto, recursos formais e técnicos, obxectivos que se pretenden acadar coa proposta, referentes, etc.</p> <p>Así mesmo, valorarase unha correcta redacción, expresión e presentación do dossier.</p> <p>RESULTADOS DE APRENDIZAXE</p> <p>As/os estudantes terán capacidade de desenvolvemento da acción como arte.</p> <p>As/os estudantes terán habilidade para documentar obras de arte de acción.</p>	5	C19 C29 C31 C32 C36 C39 C45 C48
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	<p>A proba de resposta longa se corresponde ca porba final de avaliación.</p> <p>Nesta proba valorarase a demostración da asimilación dos contidos fundamentais de cada tema proposto.</p> <p>Xunto ca proba práctica o alumno terá que entregar un dossier onde razone os contidos fundamentais do seu traballo con un uso apropiado da terminoloxía teórico-práctica e unha correcta redacción e exposición das ideas expresadas polo alumno.</p> <p>RESULTADOS DE APRENDIZAXE</p> <p>As/os estudantes coñecerán os recursos fundamentais da arte de acción.</p> <p>As/os estudantes asimilarán o corpo como medio artístico.</p> <p>As/os estudantes terán habilidade no uso dos recursos propios da arte de acción.</p> <p>O estudiantado poderá incorporar ao espectador como participante no evento artístico.</p>	15	C7 C9 C14 C25 C35 C47 C48 C49

Outros comentarios sobre a Avaliación

COMENTARIO DESCRIPTIVO DAS PROBAS DE AVALIACION ORDINARIAS:

DÉBESE ENVIAR POR EMAIL AO PROFESOR -UNHA SEMANA ANTES DO EXÁME- UNHA DESCRIPCIÓN DETALLADA DA ACCIÓN. NESTA DESCRIPCIÓN SE INCLUEN TODOS OS MATERIAIS A UTILIZAR E UN DESARROLLO ESQUEMÁTICO DA ACCIÓN.

No se admitirá a ningún transcurridos 15 minutos despois da hora fixada do exame.

O proxecto de arte de acción que se presente a esta proba debe seguir a liña de traballo do alumno. É recomendable que

non se desvíe dos intereses xerais que o estudante teña no seu traballo de creación. Por razóns obxetivas de tempo fíxanse turnos que non deberán exceder os 20-30 minutos por acción (incluíndo a posible preparación para a mesma). A acción levarase a cabo no Salón de Actos (O Salón de Actos e toda a facultade son espazos que están suxeitos a normas de seguridade que limitan a utilización de determinados materiais como fogo, auga, etc.). A elección dos materiais para a acción son libres e será o alumno o encargado de conseguilos. Na data fixada para realizar o exercicio final tamén se entregará un dossier teórico que complementa a acción presentada. O dossier se elaborará en base aos seguintes puntos fundamentais:

1. Descrición detallada da acción
2. Motivacións fundamentais á hora de realizar o exercicio.
3. Obxetivos básicos que se pretenden alcanzar con a proposta.
4. Contidos principais do traballo.

Xunto a este dossier e para poder presentarse á proba final da asignatura o alumno deberá entregar un dvd que documente en vídeo todos os exercicios que non realizou e que foxen propostos durante o curso.

Probas de avaliación de convocatorias extraordinarias

<http://belasartes.uvigo.es/bbaa/index.php?id=31>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Ferrando, Bartolomé, **La Mirada móvil: a favor de un arte intermedia**, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 2004

Glusberg, Jorge, **El arte de la performance**, Ediciones de Arte Gaglianone, 1986

Martel, Richard (ed.), **VVAA. Arte acción**, Institut Valencià d'Art Modern, 2004

Sánchez, Vallaure (dir.) ; Joan Abellán ... [et al.], **VVAA. Artes de la escena y de la acción en España : 1978-2002**, Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, 2006

Bibliografía Complementaria

Barroso, Rubén (ed.), **VVAA. Casos de estudio. Cuadernos sobre Arte de Acción**, Junta de Andalucía. Consejería de Cultura, 2006

Bazán de Huerta, Moises (coordinador), **VVAA. Happening, Fluxus y otros comportamientos artísticos de la segunda mitad del siglo XX**, Editora Regional de Extremadura, 2001

Gray, J., **Action art: a bibliography of artists' performance from Futurism to Fluxus and beyond**, Greenwood Press, 1993

Picazo, Gloria(ed.), **Estudios sobre performance**, Centro Andaluz de Teatro, 1993

Stiles, Kristine ... [et al.], **Out of actions: between performance and the object, 1949-1979**, Thames and Hudson, 1998

Vallaure, Jaume, Marta Pol (ed.), **Sin número, Arte de Acción**, Círculo de Bellas Artes, 1996

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Arte, natureza e medio ambiente/P01G010V01902

Outros comentarios

Titorías Carlos Tejo: martes de 10.00 h. a 14:00 h. e de 15:00 a 17:00 Despacho: área de pintura (2º piso) email: carlos.tejo@uvigo.es

Os contidos e accións que estruturan e conforman os proxectos prácticos que se presentan durante o curso e durante as probas de avaliación nunca son determinados polo profesor que imparte a materia. Estes contidos e accións constrúen un proxecto persoal do estudante e son elixidos libremente polo alumno que, no cuarto curso do grao, é maior de idade e único

responsable civil dos seu actos.

Deste xeito, o profesor da materia se exime de toda responsabilidade que poida derivar do proceso de creación e da posterior presentación dos proxectos prácticos que o alumno terá que levar a cabo durante o cuadrimestre e durante as convocatorias ordinaria, de xullo e extraordinaria.
